*"Estudo da inserción laboral dos titulados en **Másteres** no Sistema Universitario de Galicia 2012-2013" (EILMasteres1213)*

Resumo Executivo

www.acsug.es/gl/insercion

insercion.laboral@acsug.es

Data: 26 de abril
Hora: 12:00 h.
Lugar: sede da ACSUG

OBXECTIVOS

- **PERCEPCIÓN E SATISFACIÓN** da poboación titulada en másteres no SUG sobre a súa formación e a súa universidade

- **EMPREGABILIDADE**
  - Tempo para atopar o primeiro emprego
  - Plus que lles supuxo o título de máster
  - Vías de procura de emprego
  - Salario medio
  - Lugar de traballo
  - Competencias o desenvolvemento do traballo, etc

Estrutura do estudo

- **Resultados**
- **Comparativa** cos estudos anteriores

Datos técnicos do estudo

Ámbito	Sistema Universitario de Galicia: UDC, USC e UVI
Unidade de mostraxe/ Unidade informante	Poboación titulada en **166 másteres** no curso académico 2012-2013
Poboación	2.432 titulados
Mostra	1.723 enquisas
Mostraxe	Realizouse un estudo exhaustivo
Erro de mostraxe	Cun nivel de confianza do 95%, obtívose un erro de mostraxe do +/-1,27
Recollida da información	Entrevista telefónica asistida por ordenador (CATI)
Datas recollida da información	15.02.2016 ata 30.03.2016

Táboa 1. Ficha técnica do estudo.

Universidade	Poboación 2012-2013	Mostra 2012-2013
A Coruña	455	329
Santiago de Compostela	848	593
Vigo	1.129	801
SUG	**2.432**	**1.723**

Táboa 2. Titulados en másteres no SUG no curso académico 2012-2013. Resultados por universidade e para o total do SUG.

MOTIVACIÓN PARA ESTUDAR UN MASTAER

Motivación	Artes e Humanidades	Ciencias	Ciencias da Saúde	Ciencias Sociais e Xurídicas	Enxeñaría e Arquitectura	SUG
Complementar a formación académica (**investigación**)	46,0%	53,1%	39,7%	14,3%	21,8%	**25,4%**
Complementar a formación académica (**traballo**)	56,8%	50,5%	57,5%	63,8%	78,0%	**64,3%**
Detectar necesidades formativas na experiencia laboral anterior	6,5%	3,6%	2,9%	5,2%	6,2%	**5,1%**
Era necesario ou obrigatorio para o futuro emprego	6,5%	7,8%	8,0%	30,6%	6,5%	**18,5%**
Outros	6,5%	2,1%	2,3%	2,3%	2,1%	**2,6%**

Táboa 3. Motivos para realizar o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo (64,3%) é o motivo máis destacado pola poboación titulada para realizar estudos de máster.

Por ramas de coñecemento:

- **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo** é maioritariamente nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (78,0%) Ciencias da Saúde (57,5%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (63,8%).
- **complementar a formación de cara á investigación** destacan nas ramas de Ciencias (53,1%) e Artes e Humanidades (46,0%).

Resultados

Actividade laboral previa á realización do Máster e no momento de comezar éste

Rama de coñecemento	Nin traballou nin buscou emprego	Buscou emprego e non o atopou	Traballou	Non traballaba ao comezar o máster	Deixou o traballo para facer o máster	Simultaneou traballo e máster
Artes e Humanidades	28,8%	14,4%	56,8%	27,8%	2,5%	69,6%
Ciencias	40,6%	15,1%	44,3%	42,4%	8,2%	49,4%
Ciencias da Saúde	22,4%	23,6%	54,0%	26,6%	5,3%	68,1%
Ciencias Sociais e Xurídicas	25,7%	17,1%	57,2%	40,1%	5,9%	54,0%
Enxeñaría e Arquitectura	18,7%	11,9%	69,4%	30,2%	0,7%	69,0%
SUG	**25,7%**	**16,1%**	**58,2%**	**35,4%**	**4,4%**	**60,2%**

Táboa 4. Actividade laboral previa ao máster e no momento de comenzar este. Resultados para o total do SUG.

Un 58,2% dos titulados en másteres no SUG xa **traballaban con anterioridade á realización do máster**, acadando as porcentaxes máis altas nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (69,4%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas (57,2%). A maioría, un 60,2%, **simultanearon o traballo co máster**, atopándose as porcentaxes máis altas nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura (69,0%), Artes e Humanidades (69,6%) e Ciencias da Saúde (68,1%).

Resultados

Actividade laboral posterior ao Máster



Figura 1. Situación laboral desde a finalización do máster.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Un 92,6% dos titulados de máster **traballaron nalgún momento desde que remataron o máster**, porcentaxe que se divide nun 73,9% que **traballa actualmente** e un 18,7% que **non traballa pero si o fixo desde que acabou o máster**.

Un 7,4% dos titulados **non traballaron en ningún momento desde que remataron o máster**.

Por ramas de coñecemento, os mellores resultados en canto ao **acceso ao emprego despois do máster** preséntanos as ramas de Enxeñaría e Arquitectura (97,4%), Ciencias da Saúde (92,6%) e Ciencias Sociais e Xurídicas (92,3%).

Resultados

Tempo medio en atopar emprego



Figura 2. Número medio de meses trasncorridos desde a finalización do máster ata atopar emprego. Resultados por rama de coñemento e para o total do SUG.

O **tempo medio** para que un titulado do SUG atope **o seu primeiro traballo despois de rematar o máster** é de 7,40 meses.

Por ramas de coñecemento os titulados que acceden máis axiña ao mercado laboral tras o máster son os de Enxeñaría e Arquitectura (5,79 meses), Ciencias Sociais e Xurídicas (7,52 meses) e Ciencias (7,96 meses).

Relación do posto de traballo co Máster

Rama de coñecemento	Nada relacionado	Pouco relacionado	Algo relacionado	Bastante relacionado	Moi relacionado
Artes e Humanidades	19,4%	13,3%	23,5%	24,5%	19,4%
Ciencias	27,6%	6,5%	9,8%	8,9%	47,2%
Ciencias da Saúde	29,5%	11,4%	16,7%	15,2%	27,3%
Ciencias Sociais e Xurídicas	26,1%	12,5%	16,8%	16,3%	28,3%
Enxeñaría e Arquitectura	20,4%	11,9%	18,8%	19,7%	29,2%
SUG	**24,7%**	**11,7%**	**17,1%**	**17,0%**	**29,5%**

Táboa 5. Grao de relación entre o posto de traballo e o máster. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Un 46,5% dos titulados en másteres no SUG afirman que **o seu traballo está bastante ou moi relacionado co máster que cursou,** mentres un 24,7% indican que non existe ningún tipo de relación entre ambos.

Por ramas de coñecemento, os maiores niveis de vinculación entre o traballo e o máster danse nas ramas de Ciencias, cun 56,1% e de Enxeñaría e Arquitectura, cun 48,9%.

Lugar de traballo (no momento de realizar a enquisa)



Figura 3. Lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

A gran maioría dos titulados en másteres no SUG **traballa en Galicia** (86,80%) no momento da realización da enquisa.

Fóra da comunidade galega o 10,80% dos titulados atópase traballando no resto de España, e o 2,40% fóra de España, dos que a maior parte proceden de países pertencentes á Unión Europea.

Salario



Figura 4. Salario medio por xénero. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

O **salario medio da poboación titulada** en másteres no SUG é de 1.251,70 euros.

Por ramas de coñecemento os titulados que perciben un maior salario medio son os da rama de Enxeñaría e Arquitectura, con 1.433,99 euros.

Comparación salario actual e salario previo ao Máster



Rama de coñecemento	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario medio
Artes e Humanidades	60,46 €	55,05 €	56,71 €
Ciencias	236,13 €	143,55 €	189,33 €
Ciencias da Saúde	97,92 €	-68,56 €	39,00 €
Ciencias Sociais e Xurídicas	182,67 €	211,85 €	195,58 €
Enxeñaría e Arquitectura	226,20 €	193,76 €	209,07 €
SUG	**171,00 €**	**167,02 €**	**167,10 €**

Figura 5 e Táboa 6. Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

O salario medio incrementouse de xeito importante para os titulados en másteres do SUG, 167,10 euros en termo medio, sendo a mellora salarial lixeiramente máis importante para as mulleres que para os homes.

Ao analizar estes datos por ramas de coñecemento os incrementos son notorios en todas as ramas e para os dous xéneros coa excepción da rama de Ciencias da Saúde

Valoración global



Rama de coñecemento	Valoración global
Artes e Humanidades	84,2%
Ciencias	57,8%
Ciencias da Saúde	74,1%
Ciencias Sociais e Xurídicas	81,3%
Enxeñaría e Arquitectura	76,4%
SUG	**77,1%**

Figura 6. Volvería a realizar o máster.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG.

Os titulados en másteres no SUG están satisfeitos co máster realizado, un 77,1% **volverían a realizar o máster**. Por ramas de coñecemento destacan Ciencias Sociais e Xurídicas (78,7%) e Artes e Humanidades (78,3%).

Resultados

A inserción laboral dos titulados en másteres en función da situación laboral no momento de rematar o Máster

Categoría	Nº de titulados	Categoría	Nº de titulados	% titulados en másteres no SUG	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario
Continuaron no seu emprego tras o máster (CONT)	621	Tiveron só un traballo tras o máster (CONT-UN)	340	21,3%	197,28 €	153,20 €	174,67 €
		Tiveron máis dun traballo tras o máster (CONT-VAR)	281	17,6%	251,47 €	306,26 €	275,17 €
Incorporáronse a un novo traballo (NOVO)	975	Tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-CON_EXP)	428	26,8%	206,93 €	228,93 €	214,96 €
		Non tiñan experiencia previa no mercado laboral (NOVO-SEN_EXP)	547	34,3%	Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual		
SUG	**1.596**	**SUG**	**1.596**	**100,0%**			

1.596 titulados traballaron nalgún momento desde o momento en que remataron o seu máster

O salario medio percibido experimentou un incremento con respecto ao do emprego previo ao máster. Este incremento foi de 215,16 € para os titulados que continuaron a desenvolver o traballo que tiñan antes de rematar o máster e de 214,96 € para os titulados que comezaron nun novo emprego.

Resultados

A inserción laboral dos titulados en másteres en función da situación laboral no momento de rematar o Máster



Figura 7. Diferenza entre o salario medio por xénero no traballo previo ao máster (deflactado) e no traballo actual. Resultados en función da situación laboral no momento de rematar o máster.

O salario medio percibido experimentou un incremento con respecto ao do emprego previo o máster.

Evolución da situación laboral



Un 55,6% traballan nun emprego relacionado coa titulación que cursaron, unha porcentaxe similar a rexistrada no EILMasteres1112 e superior ás acadadas nos estudos anteriores

Figura 8. Situación laboral (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

Situación actual	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Traballa nun emprego relacionado co Máster	51,3%	53,2%	56,6%	55,6%
Traballa, pero en nada relacionado co Máster	22,4%	20,4%	21,0%	18,2%
Non traballa	26,3%	26,4%	22,3%	26,2%

Evolución do tempo medio en atopar emprego



O tempo medio para que un titulado en másteres do SUG atopase o seu primeiro traballo despois de rematar o máster **disminúe ata os 7,40 meses** fronte aos 8,29 meses do EILMasteres1011

Figura 9. Tempo medio (en meses) en atopar emprego (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

Tempo medio (en meses)	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Tempo medio (en meses)	7,89	8,29	7,71	7,40

Evolución do salario medio



Figura 10. Salario mensual neto (no momento de realizar a enquisa). Comparativa cos estudos anteriores.

O salario medio mensual para os titulados no **EILMasteres1213** acada **os 1.251,70 €, acadando un máximo** con respecto ao salario que afirmaban percibir os enquisados nos estudos anteriores.

Salario medio deflactado	EILMasteres0910	EILMasteres1011	EILMasteres1112	EILMasteres1213
Salario medio deflactado	1.187,19 €	1.192,83 €	1.173,66 €	1.251,70 €

EILMasteres1213: PERFIL

Cursou o máster principalmente para **complementar a formación académica para obter unha maior especialización no mercado de traballo, ampliar as saídas laborais e acadar un maior desenvolvemento profesional** (64,3%).

En canto á situación laboral no momento de iniciar o máster, un **58,2% xa traballaron con anterioridade a este**. Un 60,2% **simultanearon o traballo co máster**.

O **tempo medio en atopar o primeiro traballo** despois do máster é de 7,40 meses.

Un 92,6% **traballaron nalgún momento desde a finalización do máster**, porcentaxe que se divide nun 73,9% que **traballa actualmente** e un 18,7% que non traballa no momento de realizar a enquisa pero **si o fixo nalgún momento desde que rematou o máster**.

Un 46,5% afirman que **o seu traballo está bastante ou moi relacionado co máster** cursado.

A gran maioría **traballa en Galicia** (86,8%) no momento da realización da enquisa. Fóra da comunidade galega o 10,8% atópase traballando **no resto de España** e o 2,4% **fóra de España**.

Principalmente **traballa por conta allea** (88,8%), onde a práctica totalidade, un 99,5% cotiza á Seguridade Social, dos cales o 40,1% **conta cun contrato fixo**, mentres que o 46,1% ten un **contrato de tipo temporal.**

O **salario medio** dun titulado en máster no SUG é de 1.251,70 €.

Un 77,1% dos titulados en máster **volverían a realizar o máster**.

GRAZAS

POLA SÚA ATENCIÓN

Páxina web: ***www.acsug.es/gl/insercion***

Correo electrónico: ***insercion.laboral@acsug.es***